

Venres, 19 de xaneiro de 2024

Núm. 14

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Urbanismo e Patrimonio

APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXECUCION DE SENDA FLUVIAL POLA MARXE DEREITA DO RIO LAGARES DENDE A ESTRADA DE MOLEDO ATA A CONEXIÓN CO CARREIRO NO POLÍGONO DE MIRAFLORES (669/403)

EXPEDIENTE: 669/403

ASUNTO: Proxecto de execución de senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares desde a estrada de Moledo ata a conexión co carreiro existente no Polígono Miraflores

ANUNCIO

Aprobación inicial do Proxecto de execución de senda fluvial pola marxe dereita do río Lagares desde a estrada de Moledo ata a conexión co carreiro existente no Polígono de Miraflores (expte. 669/403)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 5 de xaneiro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

«PRIMEIRO.— Prestar aprobación inicial ao «Proxecto da senda fluvial no río Lagares, pola marxe dereita do río Lagares dende a estrada de Moledo ata a conexión co sendeiro existentes (Polígono de Miraflores- Vigo)», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 05.05.2023 (DOC.NÚM.— 230123203 e COD. SOL.—W905069-1117), redactada pola entidade “Fulcrum” con data xaneiro de 2023, e asinada con data do 4 de maio de 2023 con firma dixital válida, pola enxeñeira de camiños, canais e portos Mónica Campo Renedo, e o enxeñeiro técnico en topografía José Luis Llanos Campo.

SEGUNDO.— Someter ao trámite de información pública o proxecto, polo prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a publicación de senllos anuncios no “Diario oficial de Galicia”, no BOP de Pontevedra, e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que as persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e/ ou alegacións que consideren convenientes, en particular sobre á concepción global da actuación e á solución adoptada, computándose o remate do referido prazo dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría Xeral que ten atribuída a competencia.

TERCEIRO.— O contido íntegro do proxecto inicialmente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/, e no Portal de Transparencia.»



Venres, 19 de xaneiro de 2024

Núm. 14

Aos efectos de dar cumprimento ao apartado segundo da parte dispositiva deste acordo, a documentación íntegra aprobada inicialmente, poderá consultarse na seguinte ligazón:

https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_infra.php?lang=gal (modifícase a ligazón con respecto á indicada no acordo adoptado, por entender que esta nova ubicación resultará moito máis intuitiva para os cidadáns que queiran consultar este tipo de proxectos) e no departamento de Información de Urbanismo, sito na planta baixa do edificio da Xerencia de Urbanismo (Praza do Rei, s/n – Vigo), para a súa consulta e a presentación de cantos documentos ou escritos de alegacións estimen convenientes.

- Poden poñerse en contacto co departamento de Información de Urbanismo, para solicitar cita previa ou para resolver calquera dúbida ao respecto, no teléfono 986.810.349
- Para presentar documentos ou escritos de alegacións poden solicitar, preferentemente, cita previa no Rexistro de Urbanismo, no teléfono 986.810.344

Ante a eventualidade de que puideran existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidera practicar, a publicación do presente anuncio servirá de notificación co alcance e finalidade previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da perceptiva publicación no Boletín Oficial do Estado.

Er/

Vigo, 8 de xaneiro 2024.

A Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.

(Resolución do 04.07.2023)

Asdo. María José Caride Estévez.

